

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE FEBREIRO DE 2024

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00005748K.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00012213G.

Licenza obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela na rúa Sergude, 2

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/02/2023 e o reformado visado na data 20/01/2023 redactados polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría e documentación aportada o 11/01/2023, cun orzamento de execución material de 184.140,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela sita na rúa Sergude, 2 Santiago de Compostela (A Coruña),.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00028620N.

Licenza obra para rehabilitación do edificio na rúa da Virxe da Cerca nº 6A

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 19/06/2023 e o Anexo Requirimento 01 (con selo de visado polo colexio de arquitectos de 22/01/2024) redactados polos arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo, cun orzamento de execución material de 211.497,00 €, a rehabilitación do edificio na Rúa da Virxe da Cerca nº 6A Santiago de Compostela (A Coruña),

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00031455H.

Licenza obra maior de cambio de cuberta na rúa Tabaniscas, 29

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez de data de visado do 17/10/2023, cun orzamento de execución material de 10,429.19 €, o cambio de cuberta na parcela sita en rúa das Tabaniscas nº29 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1603/2020.

Licenza obra maior para reforma de vivenda situada na rúa Virxe de Fátima, 20

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira de data de visado do 30/09/2020 e documentación técnica presentada o 06/09/2023 e o 26/12/2023, cun orzamento de execución material de 105.000 €, a reforma de vivenda situada na rúa Virxe de Fátima, 20 Santiago de Compostela (A Coruña)

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00041636X.

Licenza obra maior de cambio de uso de local a vivenda no baixo sito na rúa Ricardo Bescansa, 4

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico de reforma de local para vivenda

asinado pola arquitecta Elena López Fernández presentado na data 02/10/2023 e documentación do 12/12/2023 e do 09/01/2024, cun orzamento de execución material de 84,017.36 €.

O proxecto básico refírese ao cambio de uso de local a vivenda no baixo situado na rúa Ricardo Bescansa , 4 Santiago de Compostela (A Coruña) |

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00050006P.

Licenza segregacion en Lugar de Ramil nº 11 parcela con referencia catastral 15079A51501115 |

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 05/01/82024 outorgada ante o notario Dº Eduardo Dios Díaz co número de protocolo 38.

Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado pola enxeñeira técnica en topografía María Sánchez Nouche de data de visado do 20/11/2023 e o modificado visado en data de 19/01/2024 a segregación da parcela sita no lugar de Ramil nº 11 Santiago de Compostela (A Coruña) con referencia catastral 15079A51501115 |

8. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00011629H.

Licenza de obra e uso provisional de campamento de caravanas na RÚA FONTE MALLOU, 44 |

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza de obras e uso provisional para campamento de caravanas e autocaravanas na RÚA FONTE MALLOU, 44 con referencia catastral 15079A505000480000FI, segundo Proxecto básico e de execución refundido redactado polo arquitecto Jorge Gómez Moar, con data de visado 01.09.2023, cun orzamento de execución material 56 850 €.

As actuacións consistirán en acondicionamento de terreo para campamento de caravanas e autocaravanas (76 prazas) e instalación de dous volumes en planta baixa de 14,56 m² e 20,80 m² destinados a recepción, aseos e vestiarios, cunha altura máxima de 2,90 metros..

O inmovible está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente dentro do ámbito de aplicación do SUD-1 de Mallou |

9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00005748K.

Declaración de ausencia de conflito de intereses no expediente de contratación "Servizo de Asistencia Técnica para a Redacción de Proxecto e Dirección Facultativa da "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel", cofinanciado polos Fondos Next Generation." |

Apróbase a declaración de ausencia de conflito de intereses dos membros da Xunta de Goberno local.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00016024C.

Adxudicación do contrato "Servizo de Asistencia Técnica para a Redacción de Proxecto e Dirección Facultativa da "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel" a JORGE BARATA MARTINEZ con NIF 34984914M por importe de 298.323,18 €, IVE engadido (cofinanciado con Fondos Next

Generation).

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser o único licitador e cumprir cos requisitos esixidos nos pregos, a JORGE BARATA MARTINEZ o contrato que ten por obxecto o *Servizo de Asistencia Técnica para a Redacción de Proxecto e Dirección Facultativa da "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel", cofinanciado polos Fondos NextGeneration nun 80%*. Presenta unha proposición económica de 298.323,18 € (base impositiva 246.548,08 € máis IVE do 21% 51.775,10 €).

Desígnase como responsable do contrato o arquitecto municipal do Servizo de Obras e Proxectos.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 298.323,18 € con cargo ás aplicación orzamentaria 060 93302 6320002 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 2).

Esta operación está cofinanciada nun 80% polos Fondos NextGenerationUE

Este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá ser obxecto do recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), previo á interposición do recurso Contencioso Administrativo, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel no que se publique este anuncio na PLACSP.

Así mesmo, poderá interpor calquera outro recurso que estime oportuno.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00014624T.

Cambio no período de facturación do contrato de subministración e servizos enerxéticos do alumeadado público exterior da cidade.

Autorízase o cambio no período de facturación do contrato de subministración e servizos enerxéticos do alumeadado público exterior da cidade permitindo que a UTE SANTIAGO ALUMBRADO presente facturas mensuais pola parte proporcional correspondente ao prezo anual.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047409H.

Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte e aprobación do gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2022 e decembro de 2023, que supón un incremento relativo do 3,1 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2024 no importe mensual de 704,20 € mais IVE (total: 852,08 €), e importe anual de 10.224,96 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024, por importe de 10.224,96 € (9.917,64 € + 307,32 € de revisión de IPC) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047383S.

Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), e aprobación do gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2022 e decembro de 2023, que supón un incremento relativo do 3,1 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2024 no importe mensual de 793,82 € mais IVE (total: 960,52 €), e importe anual de 11.526,24 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024, por importe de 11.526,24 € (11.179,68 € + 346,56 € de revisión de IPC), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 202000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ARRENDAMENTOS.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047334N.

Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva) e aprobación do gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024

Acórdase:

Primeiro.- Proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2022 e decembro de 2023, que supón un incremento relativo do 3,1 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2024 no importe mensual de 758,74 € mais IVE (total: 918,08 €), e importe anual de 11.016,96 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2024, por importe de 11.016,96 € (10.685,76 € + 331,20 € de revisión de IPC) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 202000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ARRENDAMENTOS.

15. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2023/00047678A.

Toma de razón da sinatura da Adenda de prórroga e modificación ao Convenio que foi subscrito o 4 de decembro de 2020 entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago, para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela.

Tómase coñecemento da sinatura da Adenda de prórroga e modificación ao Convenio que foi subscrito o 4 de decembro de 2020 entre a Secretaría de Estado de Turismo, a

Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago, para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela. |

16. COMERCIO. Referencia: 2024/00001313W.

Aprobación do gasto da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal 2023/2024 |

Apróbase no eido da convocatoria do concurso de escaparates de Nadal 2023/2024, un gasto por importe de 6.950 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4790000, do exercicio 2024. |

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003503F.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 310/2021 CA1 |

Resolución: Sentenza nº 7/2024 do 19.01.2024

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos producidos en vehículo por caída de ramas de árbore

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, pois considera acreditada a relación de causalidade e estima a demanda.

Acórdase tomar coñecemento da resolución xudicial

1. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución. |

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00004467M.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 101/2020 CA2 |

Sentenza nº 017/2024

SENTIDO DA SENTENZA

Obxecto: axuda social por escolarización.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución. |

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003941P.

Tomar coñecemento da sentenza ditada no RSU 7053/2022-PO707/2019 Social 1. |

Sentenza nº 1484/2023

Obxecto: cesión ilegal, fraude na contratación, recoñecemento como persoal laboral municipal indefinido non fixo, encadramento como C1-20 e diferenzas retributivas correspondentes.


SENTIDO DA SENTENZA A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución. |

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00005748K.

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. |

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 2 e 8 de febreiro de 2024. |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

URXENCIAS

1.- Proposta de nomeamento de Director da Área de Planificación e Xestión Tecnolóxica do Concello de Santiago.

O nomeamento de Pablo Fuentes López como director de Área de Planificación e Xestión Tecnolóxica do Concello de Santiago de Compostela, funcionario do Grupo A, subgrupo A1 de clasificación, con nivel 30 de destino e específico, por ser o candidato idóneo, xa que ademáis de reunir os requisitos de idoneidade, cumpre os requisitos de mérito e capacidade recollidos nas bases da convocatoria.